

**INFORME CLIMATOLÓXICO MES  
DE FEBREIRO DE 2023**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2023.....	17
6	PRECIPITACIÓN.....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual febreiro 2023.....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	19
6.3.	Días de chuvia en febreiro de 2023.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en febreiro de 2023.....	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	27
9	RAIOS.....	28

### **Anexos:**

#### **Resumo mensual**

**Calendario de febreiro de temperatura mínima**

**Calendario de febreiro de temperatura máxima**

**Calendario de febreiro de precipitación acumulada**

**Calendario de febreiro de refacho máximo**

**Data edición: 13/03/2023**

**Mes moi seco, con temperaturas máximas moi altas e mínimas moi baixas.****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

**Táboa 0.1.** Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

**Táboa 0.2.** Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de febreiro quedou claramente caracterizado pola elevada frecuencia de situacións anticiclónicas. Por esa razón, apenas conseguiron chegar fronteiras con precipitación, polo que o mes tivo un importante déficit de chuva. En canto ás temperaturas, as situacións anticiclónicas neste mes caracterízanse por unha ampla oscilación térmica, polo que en xeral as mínimas foron máis baixas do normal nun mes de febreiro, pero as máximas sucedulles exactamente o contrario. As anomalías canceláanse e polo tanto a temperatura media non se afasta da normalidade.

Nos primeiros 6 días do mes, apenas tivemos variacións nas situacións sinópticas, caracterizadas por un anticiclón estacionario, localizado ao norte da península Ibérica, que impedía a chegada de borrascas atlánticas e aportaba estabilidade. Deste xeito, houbo tempo seco, con ceo moi aberto e oscilación térmica importante, con mínimas por debaixo dos 0 °C e algunhas néboas no interior pero máximas que superaban en moitos puntos os 15 °C.

Esta situación viuse quebrada momentaneamente nas xornadas do 7 e o 8. A presenza de aire frío terminou por xerar unha borrasca activa no Mediterráneo occidental, *Isack*, que inestabilizou a atmosfera traendo chuvascos dispersos na metade norte, sendo estes algo máis xeneralizados na madrugada do 8, cando foron en forma de neve por riba dos 600 metros, chegando a verse folerpas por debaixo desta cota.

O cambio de tempo foi moi pasaxeiro e xa o día 9 tiñamos novamente condicións anticiclónicas que nos acompañaron ata o día 20. Nese longo período de 11 días podemos distinguir dous períodos diferentes. No primeiro, entre o 9 e 12, a masa de aire que tiñamos sobre Galicia era moi seca, polo que os ceos quedaban moi despexados e a oscilación térmica superaba en moitos lugares os 20 °C. Esta situación moveuse momentaneamente nas xornadas do 13 e o 14, cando o vento cambiou a compoñente sur, as temperaturas mínimas suavizáronse, aumentou a nebulosidade e mesmo chegou a rexistrarse algunha precipitación feble e ocasional na metade oeste. A partir do día 15 e ata o 19, as altas presións localizáronse novamente ao norte da península Ibérica achegando aire relativamente cálido para esta época do ano, o que deixou xornadas nas que se superaban os 20 °C polas tardes de xeito bastante xeneralizado.




Os días 20 e 21, a presenza dunha masa de aire frío en altura sobre a vertical de Galicia deixou algúns chuvascos de forma irregular, mesmo con aparato eléctrico na tarde do 21. Isto debilitou o anticiclón e permitiu a chegada dunha fronte fría o día 22, que deixou chuvias xeneralizadas pero non moi intensas. O máis salientable desta fronte foi que arrastrou unha masa de aire moi fría procedente do Atlántico norte que deixou dúas xornadas, 23 e 24, con precipitacións irregularmente repartidas pero en forma de neve por riba dos 500 metros.

Ao longo da xornada do 25 foron impoñéndose as altas presións, que nos derradeiros tres días do mes deixaron, en xeral, tempo seco, soleado e frío, con xeadas moi xeneralizadas, nalgúns puntos do interior de forte intensidade.

### 3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA


A frecuente configuración atmosférica de dorsal en altura e altas presións en superficie en latitudes relativamente altas durante o mes de febreiro reflíctese nos mapas de anomalías de presión en superficie (**Figura 1**) e de xeopotencial en 500 hPa (**Figura 2**), onde pódese ver unha forte anomalía positiva sobre as Illas Británicas. As borrascas que conseguiron achegarse á Península fixérono ou ben vía Mediterráneo Occidental, arrastrando consigo aire moi frío do continente Europeo, ou en forma de depresións illadas en altura pola zona Atlántica.

#### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.



**Figura 1:** Anomalías de presión en superficie en febreiro de 2023. Período de referencia 1991-2020.

#### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.



**Figura 2:** Anomalías de xeopotencial en 500hPa en febreiro de 2023. Período de referencia 1991-2020.



#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	FEBREIRO 2023 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.2/11.1	11.0	14.1 (2006)	5.8 (1956)
Tª mínima media	7.3/7.1	8.0	10.8 (1990)	2.7 (1956)
Tª mínima absoluta	2.6/2.5 (día 24)	-3.0 (22/02/1948)		
Tª mínima máis alta	12.0/12.0 (día 21)	16.1 (02/02/2020)		
Tª máxima media	15.1/15.0	14	17.9 (2008)	9.0 (1956)
Tª máxima absoluta	21.8/21.0 (día 14)	27.4 (28/02/1960)		
Tª máxima máis baixa	9.9/9.4 (día 24)	2.6 (11/02/1956)		
Precipitación acumulada	28	70-98	250 (1979)	10 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	5	12	25 (1963)	3 (1993)

*Comentario:* Mes moi cálido se atendemos á temperatura máxima e frío á mínima. En canto á temperatura media, o mes foi normal.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco, cun número de días de chuvia de menos da metade do valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2023. Temperatura: 1948-2023.

**SANTIAGO**

	FEBREIRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.5	9.4	11.8 (1998)	7.4 (2018)
Tª mínima media	4.1	5.3	9.0 (1990)	2.8 (2006)
Tª mínima absoluta	-0.1 (día 24)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª mínima máis alta	10.3 (día 21)	13.8 (03/02/2004)		
Tª máxima media	15.0	13.5	17.6 (1998)	10.5 (2015)
Tª máxima absoluta	22.0 (día 18)	23.0 (25/02/2019)		
Tª máxima máis baixa	8.1 (día 23)	3.6 (04/02/1994)		
Precipitación acumulada	24	149-188	405 (2010)	6 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	5	13	27 (2014)	3 (2004)

*Comentario:* Mes cálido segundo a temperatura máxima pero moi frío segundo á mínima. O valor da temperatura media fai que o mes sexa normal.

En canto á chuvia rexistrada e ao número de días de chuvia, ambos os dous foron moi inferiores aos valores climáticos normais, resultando un mes moi seco.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2023. Temperatura: 1982-2023.





## LUGO

	FEBREIRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	6.8	7.2	10.2 (2020 )	3.5 (1981)
Tª mínima media	-0.5	2.5	6.2 (1990)	-1.4 (1981)
Tª mínima absoluta	-4.8 (día 12)	-9.0 (17/02/1983)		
Tª mínima máis alta	8.5 (día 21)	15.0 (28/02/1987)		
Tª máxima media	14.0	11.9	16.2 (2008)	8.0 (1981)
Tª máxima absoluta	20.1 (día 18)	24.1 (23/02/2020)		
Tª máxima máis baixa	6.8 (día 23)	1.4 (20/02/1996)		
Precipitación acumulada	31	61-88	217 (2014)	16 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	5	10	19 (2015)	3 (1998)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta a temperatura máxima e moi frío para a mínima. O resultado para a temperatura media é un mes frío.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Tamén o número de días de chuvia foi moi inferior ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2023. Temperatura: 1981-2023.

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	FEBREIRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.5	10.1	12.8 (2008)	8.2 (1969)
Tª mínima media	3.9	5.1	9.9 (1996)	2.1 (2005)
Tª mínima absoluta	-0.6 (día 24)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	11.2 (día 21)	14.6 (01/02/2020)		
Tª máxima media	17.1	15.2	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	21.7 (día 18)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	9.7 (día 25)	5.0 (18/02/1981)		
Precipitación acumulada	13	121-170	526 (1979)	4 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	4	12	26 (2014)	2 (2012)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta a temperatura máxima e moi frío para a mínima. Aínda así, considérase un mes cálido para a temperatura media.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco no que o número de días de chuvia tamén foi moi inferior ao agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2023. Temperatura: 1958-2023.



## OURENSE

	FEBREIRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.8	9.3	12.4 (1990)	6.9 (2005)
Tª mínima media	0.6	3.3	8.0 (1990)	-0.6 (2012)
Tª mínima absoluta	-4.1 (día 11)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	8.5 (día 21)	14.4 (11/02/2017)		
Tª máxima media	17.1	15.3	18.9 (2020)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	25.2 (día 17)	26.1 (23/02/2020)		
Tª máxima máis baixa	9.9 (día 25)	5.0 (18/02/2019)		
Precipitación acumulada	21	54-68	245 (1979)	3 (2005)
Días de chuvia (≥1mm)	3	9	23 (2014)	1 (2012)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta a temperatura máxima, mentres que para a mínima o mes foi moi frío. Como resultado disto e, tendo en conta a temperatura media o mes resultou normal.*

*A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais para esta variable, resultando un mes moi seco. Tamén o número de días de chuvia tan só acadou un terzo do valor climático normal.*


*\*Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2023. Temperatura: 1972-2023.*

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas medias foron normais para un mes de febreiro, pero isto é o resultado dunhas mínimas baixas, con frecuentes aparicións de xeadas e unha máximas elevadas, principalmente pola presenza de masas de aire cálido a mediados do mes.

### 5.1. Temperatura media das máximas.


A partir dos valores do mapa da **Figura 3** obtense un valor medio das temperaturas máximas no mes de febreiro para Galicia de 13.3 °C. Os valores máis altos atopámoslos no entorno das Rías Baixas e no Miño ourensá, con máximos de ata 18.5 °C. Pola contra, os máis baixos déronse en zonas de montaña do interior, cun mínimo en Manzaneda e en Pena Trevinca de 3.8 °C.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de febreiro de 2023.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.


O valor medio das temperaturas mínimas no mes de febreiro, a partir dos valores do mapa da **Figura 4**, para o territorio galego foi de 2.1 °C. Os valores máis baixos rexistráronse nas comarcas da Limia e Verín con valores que acadaron os -3.0 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse no litoral, con picos de 9.3 °C na Ría de Muros e Noia e na península do Morrazo.



**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de febreiro de 2023.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

As anomalías no mapa de temperatura media estiveron por debaixo do normal en gran parte da Comunidade, principalmente no interior, cun valor mínimo de  $-2.1\text{ }^{\circ}\text{C}$  en puntos do Val do río Sil. En áreas costeiras estiveron, pola contra, lixeiramente por riba do valor normal, cunha desviación de  $+1.0\text{ }^{\circ}\text{C}$  entre Malpica e Bares. Así, a anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia, segundo os valores do mapa da **Figura 5**, foi de  $-0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$ .



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de febreiro de 2023 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (**táboa 1**) déronse principalmente en zonas costeiras ou preto da costa nas provincias atlánticas. As máis baixas (**táboa 2**) rexistráronse principalmente en comarcas de interior, especialmente zonas altas ou de montaña.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Carballo	A Coruña	0.8
Cedeira	A Coruña	0.7
Cariño	A Coruña	0.7
Cambre	A Coruña	0.6
Bergondo	A Coruña	0.6
Valdoviño	A Coruña	0.5
Malpica de Bergantiños	A Coruña	0.5
Narón	A Coruña	0.5
Betanzos	A Coruña	0.5
Cerdido	A Coruña	0.4

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de febreiro de 2023.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Rubiá	Ourense	-2.0
Monforte de Lemos	Lugo	-1.7
Sober	Lugo	-1.7
Esgos	Ourense	-1.6
Nogueira de Ramuín	Ourense	-1.6
Parada de Sil	Ourense	-1.5
Gudiña (A)	Ourense	-1.5
Teixeira (A)	Ourense	-1.5
Pantón	Lugo	-1.5
Mezquita (A)	Ourense	-1.5

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de febreiro de 2023.



Nas **táboas 3 e 4** móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2023 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas entre o 17 e o 19 foron as máis calorosas en moitas zonas tanto por baixo como por riba dos 1000m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2023 por baixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/02/2023	Ourense	OURENSE	Ourense	25.2
18/02/2023	Cespón	BOIRO	A Coruña	25.1
18/02/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	24.6
17/02/2023	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	24.4
17/02/2023	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	24.3
17/02/2023	Soutomaior	SOUTOMAIOR	Pontevedra	24.2
17/02/2023	Atios	PORRIÑO (O)	Pontevedra	24.1
18/02/2023	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	23.9
17/02/2023	Torrequeintás	MEIS	Pontevedra	23.4
18/02/2023	Sergude	BOQUEIXÓN	A Coruña	23.3

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en febreiro 2023, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2023 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/02/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	18.2
04/02/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	17.4
04/02/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	16.9
19/02/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	16.6
19/02/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	16.3
20/02/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	16.3
18/02/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	16.0
05/02/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	15.8
18/02/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	15.8
18/02/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	15.7

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en febreiro de 2023, altitude maior a 1000 m.



Nas **táboas 5 e 6** móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de febreiro de 2023 para estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas máis frías concéntranse ao final do mes en zonas por riba dos 1000 m. e a mediados e ao final do mes para zonas por baixo dos 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2023 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/02/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-11.6
28/02/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-9.1
27/02/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-8.9
28/02/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-8.6
28/02/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-8.4
28/02/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-8.2
28/02/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-7.7
28/02/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-7.5
28/02/2023	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7.0
28/02/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	-6.7

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en febreiro de 2023, altitude maior a 1000m.


Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2023 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/02/2023	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-9.1
28/02/2023	Baltar	BALTAR	Ourense	-8.7
28/02/2023	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-7.9
28/02/2023	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-7.5
11/02/2023	Rozas	CASTRO DE REI	Lugo	-7.3
11/02/2023	Morelle	SARRIA	Lugo	-7.3
28/02/2023	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-7.2
12/02/2023	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-6.2
12/02/2023	Rozas	CASTRO DE REI	Lugo	-6.1
11/02/2023	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-6.1

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en febreiro de 2023, altitude menor a 1000m.




#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2023.

Na **Figura 6** pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi 8.7 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2023 para febreiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.1 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Isto débese a que a anomalía de temperaturas máximas (+1.5 °C, moi cálido), foi contrarrestada pola anomalía negativa das temperaturas mínimas, (-1.7 °C, moi frío). O precedente máis frío data do ano 2018. Interrómpese, así, un período de 4 anos con desviacións positivas significativas.




**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en febreiro, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións foron moi escasas durante este mes. Nos primeiros 20 días apenas apareceron as chuvias, máis que de xeito moi illado e ocasional. Entre o 20 e o 28 si tivemos algunha situación de inestabilidade, pero sen ventos do suroeste e con aire frío, polo que as precipitacións foron máis ben escasas.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual febreiro 2023


Segundo os valores do mapa da **Figura 8**, a precipitación media acumulada foi de 27 L/m<sup>2</sup>. As precipitacións máis elevadas déronse no norte da Comunidade, principalmente na fachada cantábrica, onde, localmente, se acadaron 72 L/m<sup>2</sup>. Nas Rías de Arousa, Pontevedra e Vigo e no extremo sueste de Galicia rexistráronse os valores máis baixos de precipitación en Galicia, localmente chegando aos 4 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de febreiro de 2023.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.


No mapa da **Figura 9** pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de febreiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 79 % inferior ao período de referencia 1981-2010. O mes foi mo seco en xeral. Tan só no val do Navia hai unha cantidade de precipitación acumulada do 54 % por riba do normal respecto ao valor climático, mentres que en gran parte da Comunidade e principalmente nas Rías Baixas a porcentaxe de precipitación acada valores de ata un 97% por debaixo do valor agardado para un mes de febreiro.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de febreiro de 2023.

### 6.3. Días de chuvia en febreiro de 2023

O número medio de días de chuvia maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$  foi de 4. Na **Figura 10** vemos como os valores máis altos se acadaron na zona da Mariña Central e na Serra dos Ancares, con 7 días de chuvia. Pola contra, nalgunhas áreas do sueste de Ourense houbo tan só 1 día de chuvia. Todos estes son valores moi inferiores aos esperados nesta época do ano.



**Figura 10:** Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de febreiro de 2023.



A **táboa 7** mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de febreiro. As precipitacións acumuladas máis altas achéganse os 72 L/m<sup>2</sup>, principalmente no norte da Comunidade. Segundo a **táboa 8**, unha gran porcentaxe desa cantidade caeu nos días 22 e 24 do mes de febreiro.

Precipitacións acumuladas máximas en febreiro de 2023			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Guísamo	BERGONDO	A Coruña	72
A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	67
Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	66
Foz	FOZ	Lugo	66
Riotorto	RIOTORTO	Lugo	65
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	64
A Capela	CAPELA (A)	A Coruña	63
Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	60
Cariño	CARIÑO	A Coruña	60
Fragavella	ABADÍN	Lugo	59


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2023.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	34	22/02/2023 12:00
Foz	FOZ	Lugo	30	22/02/2023 11:50
Labrada	ABADÍN	Lugo	29	24/02/2023 11:30
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	28	24/02/2023 10:30
Riotorto	RIOTORTO	Lugo	28	22/02/2023 10:40
Borreiros	VIVEIRO	Lugo	28	24/02/2023 09:40
Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	27	22/02/2023 12:00
Fragavella	ABADÍN	Lugo	27	22/02/2023 12:00
A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	27	22/02/2023 11:50
Guísamo	BERGONDO	A Coruña	26	21/02/2023 14:30

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de febreiro de 2023.


### 6.4. Evolución da precipitación en febreiro de 2023

Na **Figura 11** pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi 25 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2023 para febreiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 75 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco foi 2012.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en febreiro, respecto ó período 1981-2010.







## 7 VENTO

Na **táboa 9** móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Nestas localidades superouse este limiar en varias xornadas, destacando as da primeira semana do mes.

A reiterada configuración de altas presións en latitudes máis altas que as da península fixo que a compoñente dominante do vento estivera, principalmente, no primeiro cuadrante, é dicir, vento de compoñente leste. Tamén por este motivo, a porcentaxe de calmas, agás en zonas do litoral norte e noroeste, é alta. (**táboas 10-13**).

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en febreiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
05/02/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	120.1
07/02/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	117.2
06/02/2023	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	107.9

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de febreiro de 2023.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	84	NE	23		
		27				
Pta. Candieira	Cedeira	108	NE	11		
		6				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	80	NE	6		
		7				
Marco da Curra	Monfero	57	E	8		
		27				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de febreiro de 2023 na provincia da Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	89	E	6		
		5				
Campus Lugo	Lugo	45	N	75		
		7				
Ancares	Cervantes	88	NE	19		
		7				

Táboa 11: Resumo vento no mes de febreiro de 2023 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Rodicio	Maceda	59	NE	29	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Año do Rodicio (1987) # 02/2023 02/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Año do Rodicio (1987) # 02/2023</p>
		23				
Gandarela	Celanova	50	SE	46	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Celanova (1912) # 02/2023 02/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Celanova (1912) # 02/2023</p>
		12				


Táboa 12: Resumo do vento no mes de febreiro de 2023 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	82	E	32	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Fornelos de Montes (1989) # 02/2023 02/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Fornelos de Montes (1989) # 02/2023</p>
		7				
Cíes	Vigo	56	E	25	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Illa Cíes (1912) # 02/2023 02/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Illa Cíes (1912) # 02/2023</p>
		8				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de febreiro de 2023 na provincia de Pontevedra.


## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de febreiro de 2023.


## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de febreiro un total de 33, repartidos nas xornadas do 7 (1), 21 (20), 22 (2) e 23 (10) (**Figura 15**).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en febreiro de 2023.


A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na **Figura 16**, a maior cantidade de raios rexistrouse na provincia de Lugo (15), seguida pola provincia de Ourense (12) e da Coruña (6). En Pontevedra non se rexistrou ningún raio.



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en febreiro de 2023.



Na **Figura 17** pódese ver o número total de raios rexistrados en febreiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2023. Pódese observar que este febreiro foi o terceiro no que menos raios se detectaron na serie.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en febreiro dende 2010 a 2023.

**MeteoGalicia**

**Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático**

**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**

**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>A Coruña</b>																											
A Gándara	9.2	13.31	21.0	18	6.1	1.9	8	40	13.4	22	-29	73	90	51	67	194	1178	20	72	7	976	4	0				
Aldea Nova	9.1	13.68	20.0	20	6.0	1.7	24	51	16.1	24	-5	75	90	56	56	160	1022	10	72	5	992	6	0				
Arzúa	6.9	14.99	22.2	17	0.9	-4.5	11	20	7.0	23	-32	76	95	45	63	182	1079	4	48	7	982	5	14				
Camariñas	10.4	14.03	18.4	20	6.9	1.8	24	20	7.3	25	-45	75	88	57	69	199	1162	15	72	13	1024	5	0				
Cariño	9.8	13.22	18.3	14	6.4	0.6	11	59	20.5	22	12	77	91	55	43	122	837	9	63	7	1023	6	0				
Cariño-Porto	10.5	12.79	16.8	12	8.0	3.8	24	45	13.6	22	--	79	90	66	47	133	866	--	--	--	1025	8	0				
Cespón	10.1	17.77	25.1	18	4.3	-1.0	24	10	3.5	25	-56	66	87	41	66	192	1157	5	50	23	1019	6	1				
CIS Ferrol	9.9	15.2	20.2	14	6.0	1.7	24	34	16.2	24	-25	70	87	49	59	169	1010	8	67	6	1022	5	0				
Corrubedo	11.3	16.71	21.7	18	7.8	1.9	24	9	4.0	25	-63	59	76	41	59	172	1147	6	58	1	1020	4	0				
Coruña-Dique	9.8	14.21	19.9	14	5.7	2.6	7	19	6.8	24	**	76	90	57	**	**	**	13	86	7	1023	5	0				
Coruña-Torre de Hérculo	10.7	15.12	21.8	14	7.3	2.6	24	28	10.6	24	**	78	92	57	**	**	**	**	**	**	**	6	0				
*Costa	7.5	16.08	22.9	18	1.5	-2.0	11	8	3.1	23	**	83	99	50	**	**	**	2	39	27	**	5	11				
*Coto Muiño	6.8	14.82	21.5	18	0.6	-4.1	11	32	10.0	22	**	80	97	50	**	**	**	2	37	7	**	6	13				
Fontecada	7.4	13.14	20.1	18	2.7	-3.4	24	20	7.4	25	-37	70	88	46	61	175	1052	10	56	26	981	6	3				
*Guísamo	9.3	14.51	20.9	18	5.1	0.5	24	71	20.7	21	**	73	90	51	**	**	**	**	30	23	1004	5	0				
*Lesende	9.9	16.19	22.7	18	5.4	-0.7	24	13	4.6	23	-52	70	89	44	66	192	1149	5	49	7	1004	7	1				
Lira	11.5	14.99	20.5	18	8.6	3.7	28	25	16.4	25	-58	59	75	45	66	192	1216	**	83	27	**	5	0				
Mabegondo	7.4	15.65	22.1	18	0.7	-2.6	7	38	13.1	23	-12	84	99	56	63	180	1094	4	46	27	1014	5	16				
Malpica	10.1	13.78	20.0	14	7.6	2.8	24	24	6.6	22	-35	80	93	61	64	183	1084	22	80	7	1005	5	0				
Marco da Curra	6.4	10.88	17.6	18	3.1	-1.1	7	54	15.1	21	-3	74	89	55	60	171	1076	15	56	26	949	7	3				
Melide	6.8	14.73	21.8	18	1.0	-4.8	11	11	4.4	25	-43	72	91	43	62	179	1102	5	56	7	968	5	13				
Muralla	7.9	11.64	18.8	19	4.9	0.2	28	13	5.8	22	-54	68	86	51	64	186	1107	21	77	27	946	6	0				
*O Val	9.3	14.98	20.8	14	4.6	-0.2	11	40	18.0	24	**	78	92	58	**	**	**	4	43	5	1017	7	2				
Olas	7.5	13.51	20.6	18	3.3	-1.0	28	33	11.2	23	-18	72	88	50	64	183	1106	**	47	13	**	5	3				
*Ordes	6.5	14.89	22.8	18	-0.3	-5.0	11	31	12.1	23	**	76	93	47	**	**	**	2	57	7	992	5	15				
*Paramos	7.5	13.52	20.4	18	3.3	-1.2	24	20	7.0	23	**	73	88	52	**	**	**	**	54	7	981	5	1				
*Pazo de Galegos	9.1	15.42	22.2	18	4.1	-1.0	4	20	6.4	23	-41	71	90	46	64	185	1170	5	43	7	**	5	4				
Punta Candieira	10.0	12.36	19.0	14	8.0	3.9	7	33	10.8	24	-39	67	80	52	59	168	1010	**	107	6	994	7	0				
Punta Langosteira	10.5	13.85	19.6	14	7.3	3.7	24	11	3.3	24	**	74	88	56	60	171	952	17	86	7	1023	5	0				
Río do Sol	7.5	12.27	19.1	18	4.2	0.1	28	36	15.6	22	-30	68	85	50	66	189	1113	17	68	7	961	5	0				
*Rus	7.4	15.3	21.8	18	1.0	-2.6	4	37	11.8	22	**	85	99	55	**	**	**	2	36	7	1009	7	15				
Sálvora-Pazo	11.3	14.67	18.8	18	9.0	4.6	24	6	3.9	25	-66	75	90	56	70	204	1239	23	73	7	**	3	0				
Santiago-EOAS	8.7	14.97	22.0	18	4.1	-0.1	24	24	12.4	23	-42	69	86	45	63	181	1120	14	66	7	994	5	1				
Santiago-San Lázaro	8.4	14.36	20.8	18	3.5	-0.3	4	19	9.9	23	--	73	89	50	66	192	1129	**	52	7	988	6	**				
Sergude	8.8	16.08	23.3	18	4.0	0.2	24	13	7.1	23	**	78	96	47	54	156	1015	**	**	**	**	5	0				
Serra da Faladoira	6.8	10.51	19.0	20	4.1	0.2	7	64	18.7	24	--	75	89	55	52	149	962	22	94	5	957	7	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	7.0	12.54	18.6	15	3.0	-1.5	10	66	20.5	22	**	76	90	53	48	137	976	10	61	27	**	**	**	**	6	4		
Abradelo	6.3	11.79	19.2	17	2.3	-3.0	24	32	10.7	22	**	63	81	43	66	191	1160	**	**	**	**	**	**	**	7	9		
*Alto do Faro	5.3	10.16	16.1	18	1.6	-2.8	24	18	8.8	25	**	79	95	54	**	**	**	5	47	27	926	**	**	**	6	13		
*Alto do Poio	3.1	6.48	13.9	20	0.0	-7.0	28	44	11.1	21	**	62	79	48	**	**	**	10	64	7	**	**	**	**	8	15		
Ancares	4.2	8.06	15.8	18	1.0	-6.7	28	37	11.9	22	-34	57	74	43	60	174	1143	12	88	7	869	**	**	**	6	12		
*Borreiros	8.3	13.39	20.6	14	3.8	-0.9	11	53	15.0	25	17	81	93	62	42	107	760	5	45	5	1018	**	**	**	7	4		
Bóveda	6.3	13.99	20.2	18	0.6	-4.3	28	22	6.1	22	--	81	99	47	66	150	1207	4	40	7	974	**	**	**	7	13		
Burela	7.9	10.32	17.0	14	5.9	1.5	7	54	21.1	22	7	76	87	61	41	118	811	15	63	5	975	**	**	**	7	0		
Campus Lugo	5.5	14.05	20.0	18	-0.5	-4.8	12	30	11.5	22	--	83	99	47	55	159	1038	3	44	7	977	**	**	**	5	18		
Castro R. de Lea	5.3	12.61	18.4	18	-0.2	-5.3	12	25	6.7	22	**	84	98	55	60	171	1039	**	**	**	975	**	**	**	5	18		
Conchada	7.0	13.11	20.1	18	2.7	-3.5	28	23	10.5	25	**	67	84	47	67	195	1195	**	**	**	**	**	**	**	6	4		
Corno do Boi	6.1	10.98	16.8	18	2.7	-1.3	8	22	8.6	22	-36	75	91	54	65	186	1128	10	59	7	**	**	**	**	8	6		
Cospeito	5.0	12.76	19.3	18	-0.9	-6.2	12	28	8.4	25	-16	85	99	52	58	166	1026	5	50	27	**	**	**	**	6	19		
Courel	6.5	11.85	19.0	18	2.6	-4.2	28	25	8.2	21	-45	59	77	41	65	189	1190	9	65	7	934	**	**	**	7	9		
Feiranova-Santaballa	5.3	12.66	19.5	18	0.0	-5.9	11	39	11.3	24	-5	88	99	60	56	161	1057	6	56	6	968	**	**	**	10	14		
Fontaneira	5.4	10.01	17.3	17	2.0	-3.2	24	42	14.1	21	--	68	83	50	62	177	1055	15	70	7	910	**	**	**	5	12		
Foz	8.2	12.44	18.9	14	4.4	-0.9	8	65	27.1	22	18	78	89	61	47	135	870	10	67	7	1018	**	**	**	7	3		
Fragavella	5.7	9.9	17.3	20	1.7	-2.7	8	59	18.9	22	15	80	94	59	48	138	895	12	71	6	955	**	**	**	7	9		
Guitiriz-Mirador	6.2	10.54	16.8	18	3.1	-1.3	24	30	10.2	23	-16	75	91	55	46	132	935	8	51	26	945	**	**	**	6	5		
*Labrada	6.0	9.8	17.5	20	2.9	-3.8	24	52	16.6	25	-13	74	87	56	53	153	948	**	44	7	**	**	**	**	7	5		
*Lourenzá	7.0	13.67	21.0	15	1.8	-4.0	11	66	20.8	22	**	83	96	59	**	**	**	3	39	5	**	**	**	**	7	10		
Marroxo	6.3	11.59	18.3	18	2.3	-2.6	28	26	7.5	25	-36	69	87	47	66	190	1157	7	49	28	950	**	**	**	7	9		
*Míllara	6.2	14.74	21.4	18	1.1	-3.4	28	20	7.9	22	**	80	99	46	**	**	**	3	49	14	**	**	**	**	6	11		
Monforte	5.3	15.09	22.5	18	-0.9	-6.1	11	27	7.9	25	-15	86	100	47	50	147	999	**	46	7	**	**	**	**	7	18		
*Morelle	4.7	13.59	19.9	17	-1.4	-7.3	11	29	10.6	22	-11	84	100	51	43	124	909	2	42	14	976	**	**	**	6	19		
O Cebreiro	3.0	9.12	15.7	18	-0.6	-8.2	28	33	8.7	21	-27	69	87	50	67	192	1242	11	59	10	875	**	**	**	7	15		
O Xipro	5.5	11.3	18.9	18	1.3	-2.0	24	47	17.9	23	-9	70	88	48	61	174	1112	10	52	7	933	**	**	**	7	12		
O Xistral	5.4	8.23	16.3	20	2.8	-2.4	7	39	16.4	25	-10	78	91	58	54	156	998	35	120	5	**	**	**	**	7	8		
*Olveda	5.7	12.54	19.3	18	1.0	-3.5	2	19	7.1	22	-30	75	93	48	54	156	1067	4	36	7	**	**	**	**	6	13		
Pedro Murias	9.1	12.77	19.0	14	5.6	1.4	8	55	23.7	22	15	85	97	67	46	131	822	10	65	7	1021	**	**	**	7	0		
Penedo do Galo	6.9	9.65	18.1	20	4.8	0.3	7	67	23.1	22	19	78	90	58	44	126	841	21	88	5	**	**	**	**	6	0		
Pol	6.1	11.16	17.4	20	2.4	-2.2	7	42	13.0	22	**	74	90	53	61	174	1057	9	51	27	948	**	**	**	7	6		
Portomarín	5.2	13.32	19.2	17	-0.2	-4.7	11	22	6.1	22	**	84	99	51	57	166	1101	**	**	**	973	**	**	**	6	16		
Riotorto	6.8	13.24	19.3	18	2.2	-2.6	11	64	21.7	22	20	84	96	56	52	148	969	4	55	7	**	**	**	**	7	10		
Sambreixo	5.4	12.42	18.7	18	-0.1	-5.9	11	24	6.8	23	**	82	97	54	61	176	1064	**	**	**	**	**	**	**	6	15		
*San Clodio	6.1	15.28	22.9	18	0.3	-5.3	28	20	9.6	25	**	78	98	43	**	**	**	2	31	23	995	**	**	**	6	13		
*San Fiz	6.4	13.96	20.2	18	1.3	-2.6	11	21	8.5	22	-31	79	97	49	56	161	1040	**	41	7	978	**	**	**	6	10		
Santa Cruz	7.3	13.61	20.2	15	2.0	-4.3	12	49	15.7	25	10	84	98	58	39	113	793	3	46	5	**	**	**	**	7	10		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Serra Vacaloura	5.8	10.77	17.3	18	2.2	-1.8	28	25	7.0	25	-29	78	94	55	68	195	1177	18	77	7	**	9	7			
Ventosa	5.2	10.47	17.4	17	0.9	-3.8	24	38	10.5	23	-17	66	83	47	62	177	1072	8	51	27	919	5	14			
*Vilamor	7.3	13.23	20.5	14	2.3	-3.7	11	60	19.5	23	14	84	98	61	46	132	845	**	47	7	**	7	9			
*Xabrega	6.1	14.71	21.6	18	1.1	-3.3	28	30	11.1	22	-21	81	97	48	56	163	1104	4	41	20	987	5	12			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.







Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Xeada				
<b>Pontevedra</b>																										
*A Armenteira	8.1	15.44	21.4	17	2.7	-1.8	24	9	3.4	25	-51	71	90	48	61	177	1130	4	33	7	**		6	7		
A Granxa	7.6	17.86	24.3	17	0.4	-3.8	11	11	5.6	25	-49	75	96	40	64	186	1121	2	37	28	1020		3	15		
A Lanzada	10.2	16.46	22.3	18	5.5	0.5	24	4	2.8	25	-65	71	88	48	68	197	1151	**	69	7	**		4	0		
*Areas	10.1	17.4	23.3	18	4.8	0.1	24	11	4.6	21	-48	71	94	44	60	174	1124	3	32	28	**		4	0		
*As Eiras	9.0	17.14	22.8	18	3.8	-0.3	24	10	5.2	21	-50	74	95	44	68	197	1180	3	35	27	1019		5	1		
Atios	7.9	17.73	24.1	17	1.0	-3.2	28	11	4.2	21	-45	83	100	42	66	192	1138	3	39	7	**		4	13		
Baiona	10.3	15.63	21.0	18	5.8	0.5	28	5	2.4	25	-61	67	86	43	68	199	1171	**	49	28	**		3	0		
*Barrantes	9.3	16.88	22.3	19	3.6	-1.1	24	7	3.3	25	-52	73	91	47	68	196	1157	3	45	7	**		6	4		
Cabo Udra	11.1	15.73	19.7	19	7.9	3.7	24	8	3.0	25	-57	72	89	49	66	191	1166	**	61	23	**		7	0		
Caldas de Reis	9.3	15.76	22.0	18	5.0	-0.6	24	17	8.9	22	-46	66	84	46	57	166	1122	6	46	7	992		6	2		
*Camanzo	8.5	15.68	22.7	18	2.8	-1.8	11	23	7.5	22	-35	73	90	49	60	173	1117	5	39	12	1000		5	5		
Cangas-Porto	11.0	15.8	21.0	18	7.3	2.8	24	5	2.0	25	**	63	79	43	**	**	**	6	52	8	**		5	0		
Castro Vicaludo	9.4	13.68	18.9	17	6.1	-0.5	28	9	5.0	21	-78	60	75	44	71	205	1269	20	81	27	967		4	1		
Castrove	9.9	14.47	20.8	19	6.5	0.1	24	13	5.9	25	-68	60	76	45	67	193	1240	12	69	8	963		6	0		
*Cequeliños	8.7	15.73	22.2	18	3.4	-1.0	28	17	7.0	25	-52	69	90	42	66	193	1212	8	41	28	**		5	3		
Corón	10.6	15.4	21.1	17	6.9	1.1	24	6	2.8	25	-67	67	82	46	66	192	1147	**	68	7	1022		5	0		
*Entenza	9.5	17.38	23.2	17	4.0	-0.9	28	11	5.4	21	-43	75	97	43	57	164	1095	2	28	28	**		3	3		
Forcarei	7.3	13.05	19.6	18	3.1	-2.5	24	30	8.1	22	-41	64	87	40	68	196	1193	12	59	7	**		6	4		
Fornelos de Montes	8.9	13.05	19.2	18	5.6	-0.9	28	16	7.2	25	-63	57	74	41	68	197	1221	12	81	7	941		5	4		
Gargamala	10.2	16.49	22.9	18	5.3	-1.2	24	15	5.7	25	--	63	82	41	--	--	--	--	--	--	**		5	1		
Illas Cíes	11.6	15.86	20.6	18	8.6	5.1	24	8	4.6	22	-69	68	83	48	69	202	1284	9	55	8	**		3	0		
Lalín	7.3	13.24	20.3	19	2.8	-2.1	24	19	5.3	25	**	68	89	45	**	**	**	7	45	14	**		5	5		
*Louredo	9.3	15.89	22.3	17	4.4	-1.3	24	6	2.7	25	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	995		3	1		
Lourizán	9.1	17.07	21.7	18	3.9	-0.6	24	13	4.0	25	-38	76	93	48	61	175	1132	**	30	7	1018		6	1		
*Meder	9.6	17.16	23.0	17	3.9	-1.7	24	16	8.4	21	**	68	91	39	**	**	**	1	34	8	1007		3	1		
Monte Aloia	9.0	14.91	21.0	17	4.9	-0.3	28	15	6.9	21	-44	66	81	47	58	167	1045	5	35	8	967		3	2		
Mouriscade	5.7	13.99	20.8	17	-1.1	-5.2	5	15	4.3	25	-46	73	94	45	67	193	1243	6	42	14	964		5	18		
O Viso	10.3	15.93	22.1	17	6.3	0.4	24	8	4.3	25	-63	57	74	40	68	197	1166	6	55	7	992		3	0		
Ons	10.7	14.8	20.5	18	7.4	2.6	24	4	3.0	25	-71	69	84	51	**	**	1292	16	71	8	1010		3	0		
Pazos de Borbén	10.2	16.17	23.1	17	5.3	-0.7	24	17	7.7	22	-55	59	79	40	67	195	1143	6	67	8	991		5	1		
*Pé Redondo	10.6	16.82	22.5	17	6.2	-0.1	24	11	3.8	25	-51	69	84	48	63	183	1126	3	40	27	**		5	1		
*Ponte Caldelas	9.5	15.89	22.8	18	4.6	-1.4	24	18	6.1	25	-44	64	80	45	67	193	1133	3	34	28	982		6	2		
Pontevedra-Campolongo	9.9	18.49	23.9	18	3.9	0.0	24	9	4.3	25	**	69	93	37	**	**	**	**	33	7	**		6	0		
Porto de Vigo	11.9	16.24	20.9	14	8.7	4.0	24	5	2.6	25	-70	64	80	46	66	192	1180	10	64	7	1022		3	0		
Rebordelo	7.8	16.07	22.3	18	1.0	-4.2	24	16	6.4	25	**	71	91	42	68	198	1165	**	**	**	982		6	12		
San Nomedio	9.2	13.47	19.1	17	6.2	-0.6	28	28	14.8	21	-58	54	71	39	63	182	1157	13	89	28	**		4	2		
Sanxenxo	11.2	16.8	22.2	18	6.7	1.7	24	8	3.4	25	-59	62	79	44	66	191	1158	**	37	28	1020		4	0		
Serra do Faro	5.7	9.96	16.8	18	2.4	-3.4	24	21	7.9	25	-48	64	80	48	67	194	1116	19	63	28	909		6	9		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 2



Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Simes	10.0	16.7	22.1	19	4.8	-0.3	24	5	3.0	25	**	68	86	46	**	**	1039	**	**	**	**	4	1		
*Soutomaior	9.9	17.07	24.1	17	5.7	0.2	24	10	4.3	25	**	68	86	44	**	**	**	**	25	23	1004	5	0		
*Torrequeintáns	10.2	17.43	23.4	17	4.8	-0.1	24	9	3.7	25	-53	77	94	53	68	196	1204	4	39	7	1016	5	1		
*Tremoedo	9.9	16.36	22.1	19	4.9	-0.6	24	9	5.1	25	**	66	85	43	**	**	**	3	39	7	1016	5	1		
Vigo	11.3	17.18	22.4	17	7.4	1.4	28	7	3.7	22	**	59	75	40	**	**	**	**	**	**	**	3	0		
Vigo-Campus	10.2	13.9	19.2	17	7.3	1.3	24	10	3.8	25	-67	57	71	43	69	199	1218	8	51	28	970	4	0		
Xesteiras	9.0	12.35	19.1	17	6.1	-0.3	28	13	6.1	22	**	--	--	--	**	**	**	24	90	27	940	4	1		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.


# TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA FEBREIRO 2023



# TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA FEBREIRO 2023



# CHUVIA ACUMULADA DIARIA FEBREIRO 2023



# REFACHO MÁXIMO DIARIO FEBREIRO 2023

